

ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE CLÍNICA.

Na Residencia de Maiores Santa Ana, sendo as 16:00 horas do día once de marzo do ano dous mil vinte, baixo a Presidencia de Dona Elizabeth Mella Lorenzo, actuando como Secretario Don José Benito González Vázquez, e reunidas os/as Vogais Dona María Jesús Carballido Currás, Dona Celia Porto Porto e Dona Ana María Pereira Peña, nomeados/as por Resolución de Alcaldía de data 03/03/2020 e de conformidade co disposto segundo as Bases Xerais de contratacións de persoas desempregadas ao abeiro do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2020 Liña 3, aprobadas por Resolución de 28/02/2020 para a selección de un/unha Auxiliar de Clínica.

Existindo quórum para a celebración do Tribunal procédese ao chamamento das candidatas enviadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

ALONSO BARGIELA, MARIA DOLORES: Non presentada.

BARREIRO PINO, SILVIA ANA: Non presentada.

CASTILLO BLAS, JENNIFER: Non presenta a titulación esixida.

DORNA FERREIRO, TANIA: Non presentada.

FERREYRA FARRE, KARINA ALEJANDRA: Non presenta a titulación esixida.

GIL RODRIGUEZ, ANA BELLA: Non Presentada.

GONZALEZ DOMINGUEZ, MARIA BELEN: Non presenta a titulación esixida.


IGLESIAS MARTINEZ, BEATRIZ: Non presenta a titulación esixida.

LAGE FILGUEIRA, CARLA: Non presenta a titulación esixida.

Existindo cinco candidatas que reúnen as condicións para acceder a proba práctica procédese á elaboración da mesma que consiste nun cuestionario que consta de tres preguntas tipo test, con catro alternativas de resposta no que cada pregunta puntúa un punto. Nel figuran situacións especiais de urxencia que as aspirantes deberán resolver cos seus coñecementos de Auxiliar de Clínica na Residencia de Maiores nun tempo máximo de dez minutos.

Unha vez concluída a proba práctica, puntuase a mesma e procédese a entrevista e valoración da documentación aportada, quedando a puntuación final do seguinte xeito de maior a menor:

APELIDOS E NOME	PROBA PRÁCTICA	CRITERIOS INCLUSIÓN	ENTRE -VISTA	CURSOS	GALEGO	EXPERIENCIA	TOTAL PUNTOS
MUÑOZ RODRÍGUEZ, M ^a PATRICIA	2,00	0,75	0,50	1,10	0,40	1,50	6,25
COUÑAGO PÉREZ, PAULA	2,00	0,55	0,50	1,10	0,40	1,50	6,05
SÁNCHEZ GONZÁLEZ, ROSA	2,00	0,30	0,50	0,95	0,30	0,60	4,35
RODRÍGUEZ PAZ, CRISTINA	2,00	0,30	0,50	0,00	0,40	0,00	3,20
CARRERA GIL, LUCÍA	1,00	0,00	0,50	0,00	0,00	0,00	1,50




En consecuencia o Tribunal acorda propoñer ao Órgano competente a contratación da candidata Dona **MARÍA PATRICIA MUÑOZ RODRÍGUEZ**, a cal acadou a maior puntuación total. No caso de renuncia ou baixa, propónse a contratación da seguinte candidata en orden de puntuación.

E non sendo outro a finalidade deste Tribunal, pola Presidenta levántase a sesión sendo as 18:30 horas do día anteriormente indicado de todo o cal, eu como Secretario dou fe.

Contra a presente acta que contén a lista definitiva de puntuacións, poderase interpor recurso de Alzada ante o tribunal de valoración ou Órgano que o nomeou, no prazo de un mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Asdo.- Elizabeth Mella Lorenzo




Asdo.- José Benito González Vázquez



Asdo.- María Jesús Carballido Currás

Asdo.- Celia Porto Porto



Asdo.- Ana María Pereira Peña

